

## CRÓNICA SESGADA E INTERESADA

Nunha mensaxe enviada á rede polo delegado da CIG, Sergio Pajares, analizaba o resultado do referendun e dicía perlas coma as seguintes:

*“La CIG-L debería reflexionar acerca del rechazo maioritario que ha causado el proceso negociador y su acuerdo, tal vez **apresurado e inexplicado**, con la Gerencia.”*

*“...un convenio colectivo requiere un debate previo y a fondo, **sin complejos**, con el personal afectado...”*

Coincidimos plenamente en que a CIG debe reflexionar, agora ben, dicir que o acordo fíxose a correr e que non foi debidamente explicado, parece que nos quere vender que a esta operación lle faltou mercadotecnia (ou marketing), que aos seus impulsores lles faltou labia, e lle sobraron complexos para vender tan bo produto. Sobran máis comentarios porque el xa o di todo.

*“Como actor determinante [a CIG-L] de la firma del preacuerdo, y si creía sinceramente en sus bondades, debería haberlo defendido en cualquier foro y circunstancia, sin temer las posibles controversias que pudieran ocasionarse con motivo del debate abierto y plural. No lo han hecho. Han dejado que la bola de nieve creciese cada vez más hasta que se hizo imparable.”*

Novamente entoa un réquiem polo preacordo e volve a insistir en que o problema dese convenio é a mala pedagogía que a CIG empregou para explicalo. Suxerimos aos compañeiros laborais que o contraten para que lles imparta o cursiño “Como facer comulgar ao persoal que representas con rodas de muíño”.

*“Es evidente que la CIG-L no ha sabido o no ha querido transmitir los posibles avances que pudiera suponer el nuevo texto del convenio con respecto a la situación anterior. El malestar objetivo que numerosos sectores del personal laboral interiorizaron en este proceso, provocado por la falta de claridad y nula transparencia de los representantes sindicales,... “*

E dálle cos beneficios, e dálle coa transmisión dos avance. Mira se tanto che gusta porque non colles a táboa salarial e lla vendas ao persoal funcionario, a ver que lles parece. Máis adiante, neste mesmo parágrafo, ponse serio e di: “La falta de legitimación es inevitable y solo cabe una salida: la dimisión de todos los representantes de la CIG-L en el Comité de Empresa.” No seguinte parágrafo, partindo desta premisa chama a xubilación de Cándido, Mollinedo, Antón... Boa idea, cando lles deas o cursiño de “comulgar con rodas de Muíño” podes intentar convencelos. Con respecto a transparencia, CC OO sempre informou do que estaba a acontecer na negociación incluso con correos ao día seguinte dando conta do debatido.

*“Sin embargo, el rechazo al nuevo convenio es posible que no implique un voto de castigo únicamente hacia la CIG-L. Es probable que los trabajadores, aún cuando hayan impugnado el preacuerdo, no confíen en las posibles alternativas sindicales que, lógicamente, han aprovechado las turbias circunstancias para tratar de encauzar la marea anticonvenio.”*

Gustaríanos saber cales son as turbias circunstancias das que se aproveitaron os outros sindicatos. Pinta un panorama como se a CIG fose o único sindicato do mundo mundial e que fora do camiño que marca esta alternativa, todo está enturbado, todo é escuro. Como se os outros sindicatos non estivéramos na Mesa negociadora e non déramos a coñecer outras alternativas. Con respecto a confianza dos traballadores, non te preocupes amigo Sergio, dentro de catro meses hai eleccións sindicais e poderás ter datos fiables, de momento non especules habilmente coa soa intención de ningunear aos outros sindicatos.

*“CC OO rompío, oportunamente, su tímida alianza con la CIG-L en la negociación del convenio cuando se percató del malestar generalizado de los trabajadores. Es probable que otras circunstancias ajenas a la negociación pudieran haber influído en su decisión. La inquina generalizada de esta sección sindical contra las políticas de personal, escenificada en el Consejo de Gobierno con ocasión de la aprobación de la RPT de los funcionarios, coincidiu en el tiempo con la ruptura de la negociación y el correlativo ataque directo y personal hacia uno de los actores en el proceso. Hasta ese preciso momento estaban dispuestos a aceptar el preacuerdo, junto con la CIG-L.”*

Sen dúbida o sindicato CC OO sempre estivo atento ao sentir dos traballadores e traballadoras que representa e os seus delegados/a na Mesa sempre tivemos claro que este convenio tiña que ser referendado polo colectivo que representamos. CC OO, o único que pode sacar desta negociación é a mellora da confianza do persoal laboral.

A alianza coa CIG, foi unha aposta arriscada ao considerar que o sentir xeral era a negociación dun convenio unitario (tamén lle propuxemos a UGT sumarse a negociación dunha soa proposta). Para entender o por qué da ruptura lle recomendamos ler o “Así Non”.

Nós, como el ben sabe, non temos alianzas co goberno amigo, nin acordos baixo corda co xerente (como teñen outros) nin, por suposto, coa CIG. O noso único patrimonio son as melloras laborais sindicais que poidamos ofrecer aos traballadores/as. Iso é o que nos da lexitimidade. Todo o demais é pura ficción.

Con respecto as outras circunstancias, esa tese comeza a parecerse ao teoría do ácido bórico. Como dúas circunstancias coincidiron, máis ou menos no tempo, pois montamos unha quimera para que casen os datos.

O da *inquina generalizada* contra as políticas de persoal, isto é novo, ao mellor o que quería dicir é que temos absoluta aversión a aqueles sindicatos que na RPT do persoal funcionario ocultaban o salario do xerente. Ou aos que pretendían suprimir unha praza ocupada por unha delegada sindical de CC OO, e no seu lugar crear outra ( $\pm$  nivel 30) para que o xerente puidera ocupala cando deixe a xerencia. Ou a nosa crítica a desmontar dous servizos sen contar cos traballadores implicados, para que Manolo Castro puidera cobrar as contas que tiña pendentos cos xefes de servizo.

Cando escribe “y el correlativo ataque directo y personal hacia uno de los actores en el proceso”. Este actor debe ser o xerente, non si?. Canta moito que a súa única mención á xerencia sexa esta *preocupación* tan caritativa. Criticar os actos do xerente, nada ten que ver cos ataques persoais, non confundas interesadamente a persoa e a personaxe. Que loubán, como tes vez para entrar no seu despacho xa estás facendo puntos. Acouga, non

sufras que o xerente sabe moi ben que todo o que temos con el derívase da relación laboral.

*“El aplastante rechazo del preacuerdo no significa un respaldo a la estrategia seguida por CC OO. Los trabajadores, autonomamente, han decidido dar la espalda a este convenio, pero harían bien en desconfiar en que la gestión del conflicto fuera dirigida por aquellos que también tienen su parte de responsabilidad en el proceso y se suben al carro de la discordia de forma oportunista”*

Este último apartado parece sacado de *Libertad Digital*, o periódico que tanto nos recomenda un tal Mejía. É un exemplo de extrema subxectividade, recorda a aos *hilillos de plastilina* que dicía un ministro cando o Prestige, estando xa afundido na profundidade do océano, vertía polas súas costuras miles de litros de chapapote.

A única estratexia que CC OO seguiu foi non asinar un convenio que non cubría os mínimos necesarios establecidos pola nosa sección sindical. Con respecto a outro tipo de insinuacións, e sen quitar importancia as iniciativas que se promoveron desde distintas categorías de persoal, basta recordar que este sindicato tivo, fai catro anos, os mesmos votos que a CIG na Provincia de Pontevedra (tamén o mesmo número de delegados). Tendo en conta este dato que colla agora os resultados do referendun e que os analice polo miúdo.

Esta mensaxe na, que tan significado dirixente da CIG, ao tempo que pretende atacar a CC OO, se pon do lado do preacordo, pódese sumar a outras enviadas por Xan Cebro nas que daba a súa máis sincera enoraboa a CIG-L por acadar un acordo tan importante e tan beneficioso para o persoal laboral (sic). Ou a outros nos que criticaba a CC OO por reivindicar a homologación co persoal funcionario.

Están nerviosos, ao día seguinte do referendun xa non aguantaron máis e enviaron á rede a proposta económica que queren negociar co xerente. A asunción por parte do persoal laboral da homoxeinización retributiva lles preocupa profundamente porque cuestiona a súa estratexia negociadora. Non esquezamos que os famosos maletíns os conseguiron contra o Iº Convenio (se aos laborais lle deches 360.000 € o que supostamente custaba o convenio, nós queremos o mesmo) tras rebentar a Mesa de Retribucións, mesa na que os tres sindicatos da universidade buscabamos unha estratexia negociadora conxunta.

Os sindicalistas máis pogramos e solidarios do mundo non queren saber nada dun acordo retributivo que iguale as responsabilidades e as retribucións dos traballadores e traballadoras de administración e servizos da Uvigo. O sindicato máis importante da administración pública galega mantén na Universidade de Vigo dúas seccións sindicais que teñen discursos distintos e enfrontados. De toda esta situación de momento, só de momento, a parte máis prexudicada é o persoal laboral.

A túa análise, compañeiro Sergio, é tendenciosa e pouco crible. Non obstante, para que sigas refocilándote no teu discurso, recomendámote que solicites traballo no periódico El Mundo, pois contas a realidade como mesmísimo Pedro J.